

DINÁMICAS DE PRESENTACIÓN O BINGO



OBXECTIVOS DA DINÁMICA

- ★ Romper o xeo
- ★ Promover o coñecemento intragrupal
- ★ Crear un ambiente de relación distendido
- ★ Promover o respecto ás diferenzas
- ★ Relativizar a importancia de determinados condicionantes socioculturais

DESENVOLVEMENTO DA DINÁMICA

- ★ **Explicación da dinámica:** Cada unha das persoas participantes (pode participar o titor/a) terá un cartón cunha serie de afirmacións. A dinámica consiste en encher o cartón cando menos cun nome dun compañeiro/a que confirme que, no seu caso, é certa esa afirmación. A primeira persoa en encher o cartón na súa totalidade, debe dicir "BINGO!". Comprobamos que encheu todos os recuadros de forma correcta (no caso de que non sexa así, séguese co xogo ata que se faga correctamente) e procédese á reflexión.
- ★ Entregamos a cada persoa o seu cartón.
- ★ O alumnado móvese libremente pola aula, falando, para tentar atopar ás persoas que cumpren algunha das características.
- ★ No caso de que algunha das afirmacións non corresponda a ningunha persoa, comprobaremos que é así e propondremos outra afirmación alternativa. Neste caso, tentaremos que a afirmación sexa certa para a persoa que poida sentirse máis apartada do grupo ou mantén un comportamento máis introvertido, para promover o seu protagonismo dentro do grupo.
- ★ Unha vez que comprobamos o "Bingo!", recuperamos a estrutura de clase grupal (en forma de "U") e reflexionamos acerca da dinámica.

PREGUNTAS PARA A REFLEXIÓN

- ★ Descubristes algo dos vosos compañeiros/as?
- ★ Criades que vos coñecíades?
- ★ Que cousas atopastes en común con compañeiros/as que vos sorprenderon?
- ★ Creedes que tedes novos temas para falar cos vosos compañeiros/as a partir de agora?
- ★ Canta importancia lle dades á hora de elixir aos vosos amigos/as ao feito de ter aficións ou gustos similares?
- ★ Como creedes que sería o mundo se todos fóssemos iguais?
- ★ ...

MATERIAIS

- ★ Tantas copias da segunda folla desta ficha como sexan necesarias. Mellor impresas en cartolina.

CARTÓN PARA "BINGO"

Ten dúas irmás	A súa serie preferida é: "Os Simpsons"	Encántalle montar na bicicleta
Gústalle cociñar	Calza o número 38 de calzado	Gústalle a música Rap
En casa, adoita bailar o cantar	Encántalle debuxar	A súa materia favorita é matemáticas
Gústalle saír correr	Unha das súas películas favoritas é "Titanic"	Un dos seus libros favoritos é "Harry Potter"

CARTÓN PARA "BINGO"

Ten dúas irmás	A súa serie preferida é: "Os Simpsons"	Encántalle montar na bicicleta
Gústalle cociñar	Calza o número 38 de calzado	Gústalle a música Rap
En casa, adoita bailar o cantar	Encántalle debuxar	A súa materia favorita é matemáticas
Gústalle saír correr	Unha das súas películas favoritas é "Titanic"	Un dos seus libros favoritos é "Harry Potter"